

1357, maio, 29  
*foro*

*Aparicio Iáñez, dobreiro, tenente da capela de Mariña Iáñez, afóralles a Gonzalo Iáñez Pereiras e á súa muller, Urraca Vázquez, unha cortiña con viña e árbores "alende a porta do Vilar", por 4 libras.*

ACOu, *Escrituras XXI, 2*

Sabbean quantos esta carta viren *que* eu Apariço Anes dobreiro da igleia d'Ourense e teente a cappella *que* ordinou Mariña Anes moller de Johan de Louredo ferreiro *que* foy, *por* liçençia e outoridade de don Bertran Bertran liçençado en leys, vigario geeral do onrrado padre e señor don Iohan porla graça de deus e da santa igleia de Roma bispo d'Ourense *que* he presente e outorgante et me da poder e liçençia *para* esto *que* se sigue, dou e outorgo a foro a vos Gonçalvo Anes Pereyras, morador en Ourense na Ayra do Bispo, e a vossa moller Orraca Vasques e a todas vosas voses *para* senpre, huna cortiña con viña e con arvores *que* a dita miña capella ha en termino d'Ourense aalende a porta do Villar, ante a porta do curral et igleia de Santa Maria do Possyo, a qual cortiña ias a par da casa da yrmytaa *contra* çima et vay darredor doutro terreo con oliveiras *que* he da igleia da Triidade et vay topar en fondo nos lagares das Quintas et en outro terreo *que* está hermo et vay darredor do camiño *que* vay d'Ourense para Sobrado et entesta en çima enno rego da agua *que* ven da Ayra do Bispo *para* a dita congosta. Dou vos a foro a dita cortiña con suas arvores e con sua viña e con entradas e seydas e con todos seus dereitos e perteenças *por* tal condiçon *que* lavredes e paredes ben a dita cortyna en maneira *que* non defallesca *por* mingoa de lavor e de boon paramento. Et vos e a dita vosa moller et todas vossas voses *que* dedes a min en quanto for teendor da dita cappella et aos *que* a depouys de min teveren, quatro livras de brancos desta moeda *que* oora corre de *que* contan quareenta pares de diñeiros novees *por* tres livras. Et pagardeslos cada anno *por* dia de San Martiño do mes de novembro. Et averdes a dita cortiña e viña e arvores do al de disimo a deus livre e desenbargada de todo outro encarrego e penson e tributo alguun. Et *por* outoridade do dito vigario obligo os beens da dita cappella *para* anparar vos os sobre ditos e todas vosas voses senpre a dereito con a dita cortyna e viña e arvores *que* vos afforo *commo* dito he. Et eu o dito Gonçalvo Anes *que* soon presente *por* min e porla dita miña moller *que* non he presente et *por* todas nosas voses assy reço de vos o dito Apariço Anes a dita cortiña e viña e arvores aforada *commo* dito he. Et prometo e outorgo de lavrar e parar ben a dita cortiña et dar e pagar a vos o dito Apariço Anes et aos *que* depouys de vos teveren a dita cappella cada anno en salvo as ditas quatro livras ao dito termino et conprir e agardar todas las cousas e cadauna dellas *que* en esta carta son contiudas. Et *para* o assy conprir obligo todos meus beens gaanados e *por* gañar. Et eu o dito Bertran Bertran vigario *que* soon presente *por* *que* a chey *por* juramento *que* reço by aos santos evangeos do dito Apariço Anes *que* este dito afforamento era *prol* e boon paramento da dita cappella, *por* ende dou liçençia e outoridade ao dito Apariço Anes *que* o faça et mando *que* valla e seia firme *para* senpre. Et foy posto entre as ditas partes *que* qual quer dellas *que* *contra* esto pasar e o non conprir e agardar *que* peyte aa outra parte *que* o conplir e agardar *por* pena çen mor. da boa moeda, et a penna pagada ou non esta carta valla e fique senpre firme. Feyta a carta en Ourense, viinte e nove dias do mes de mayo, era de mill e tresentos e noventa e çinco annos. Testemuyas *que* present es foron Gonçalvo de Cotello e Antonyo Martines alffayate, Fernan Garçia ourives e Domingo Manteyga omme do dito Gonçalvo Anes Pereyra.

Et eu Pero Lourenço *notario* publico d'Ourense polo bispo e pola igleia desse lugar *que* a esto *presente* foy en myna *presença* ho fiz *escrivyr* e meu *nomme* e *signal* *aqui* puge.

(*sinal*)